



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Descrición Decreto: CONVOCATORIA E APROBACIÓN DE BASES PROCESO DE SELECCIÓN POR CONCURSO SOCORRISTA PARA PISCINA MUNICIPAL SUBVENCIONADO POLA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DE EMPREGO E IGUALDADE

DONA MARIA JESÚS NOVO GOMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vista a resolución de concesión da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xefatura Territorial da Coruña (rexistro de entrada núm. 1230 de data 14/06/2023) pola que se concede unha subvención por importe total de 3.520,00 euros para a contratación por un período de dous (2) meses dun/ha socorrista para piscina municipal (EXPEDIENTE TR351A 2023/000027-1).

Visto o expediente tramitado para a convocatoria e aprobación de bases de persoal para proceder a súa selección constando informe de secretaria intervención do mes de xuño.

Visto que a resolución da concesión ten como data límite para formalizar a contratación dun/ha socorrista o día 14 de xullo de 2023, estando subvencionado pola Xunta de Galicia Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade os custes salariais de contratación de persoal laboral temporal socorrista a xornada completa con contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral.

En uso das facultades outorgadas a esta Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/1985 do 2 de abril de bases do rexime local en materia de persoal polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Visto o Decreto 279/2019 de data 20/06/2019 e o Decreto 558/2022 de data 30/11/2022 de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local e tendo en conta o art. 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, avocar puntualmente o presente asunto e polo tanto en consecuencia convocar e aprobar as bases, que se reproducen a continuación, que rexerán o proceso selectivo, por procedemento de concurso, para realizar a contratación laboral temporal dun/ha socorrista para piscina municipal, tal e como sinala a Orde do 13 de marzo de 2023 pola que se establece a convocatoria das bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o ano 2023 (DOG núm. 56 do 21 de marzo de 2023).

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA E O PROCESO DE SELECCIÓN POLO SISTEMA DE CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS SUBVENCIONADOS POLA XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE DUN/HA SOCORRISTA PARA PISCINA MUNICIPAL A XORNADA COMPLETA

Primeira.- Obxecto da Convocatoria

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal dun/ha socorrista para a piscina municipal, mediante concurso, e tendo en conta o establecido no artigo 14 de requisitos e criterios para a selección dos traballadores e das traballadoras da Orde do 13 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de

colaboración coas entidades locais para o ano 2023.

Esta contratación será a xornada completa (37,5 horas semanais) por modalidade de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, supeditada a previsión de duración ó establecido no outorgamento de subvención pola Xunta de Galicia de dous (2) meses.

O contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral rexerase polo establecido no contrato sendo as retribucións mensuais brutas de 1.365,05 € ao mes estando a paga extra xa prorrateada.

Segunda.- Requisitos dos/as aspirantes

a) Ter cumpridos os dezaseis (16) anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.

b) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderá participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, e o dos nacionais dalgún estado en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España cando sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

c) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

d) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.

e) Acreditación da inscrición definitiva ou provisional no Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia e deberá presentar acreditación da cualificación profesional de socorrismo en instalacións acuáticas e as titulacións que cumpran cos requisitos de inscrición no rexistro, reflectidos na disposición transitoria única do Decreto 104/2012, do 16 de marzo. No seu defecto, acreditación da presentación de solicitude de dita inscrición e documentación complementaria no organismo correspondente da Xunta de Galicia.

Serán **requisitos específicos** en aplicación do disposto no artigo 56.3 do texto refundido do estatuto básico da lei do empregado público Real decreto lexislativo 5/2015 os seguintes:

- 1) Ser persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego. Este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.

2) Os desempregados deberán reunir os requisitos e características para o adecuado desempeño das funcións aos que faga referencia a oferta presentada na Oficina de Emprego de Melide.

3) Requisito específico de posuír a formación indicada no artigo 6 do Decreto 104/2012, do 16 de marzo modificado polo decreto 35/2017 de 30 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro profesional de socorristas acuáticos de Galicia.

Deberá indicar que titulación é usada como requisito da convocatoria e cal é usada na fase de concurso, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria única do Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia tendo en conta a modificación introducida polo decreto 35/2017 de 30 de marzo na súa disposición transitoria única sobre prórroga do prazo de inscrición provisional.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN; NON OBRIGATORIA ACREDITACIÓN COÑECEMENTO DO GALEGO

De presentar esta documentación os/as aspirantes que estean en posesión do Celga 2 ou equivalente estarán exentos da realización de proba de acreditación do coñecemento do galego.

De non acreditarse o coñecemento do galego por non presentar méritos neste apartado será obrigatoria a realización dun exercicio-entrevista na data fixada polo Tribunal:

- o Exercicio de coñecemento de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá nunha proba oral nun tempo máximo de dez minutos. O exercicio será cualificado de apto ou non apto e terá carácter eliminatorio (art.51 Lei emprego público de Galicia 2/2015 de 29 de abril).

Terceira.- Presentación de solicitudes e proceso de selección

O Concello de Boimorto dará publicidade á convocatoria e as bases de selección por anuncios no taboleiro de edictos do Concello, taboleiro de anuncios electrónico do concello e na páxina web, presentará unha oferta de emprego ante a Oficina de Emprego de Melide facendo referencia aos requisitos que debe reunir o/a traballador/a a contratar conforme da anterior base segunda.

O Servizo Público de Emprego realizará unha sondaxe de demandantes, tendo en conta que non poden repetir aqueles que se contratasen por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2022 pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego para a contratación de persoas traballadoras desempregadas. Aportará alomenos 2 candidatos e non máis de 10 remitindo novos candidatos se o Concello xustifica o incumprimento dos requisitos da oferta ou o rexeitamento voluntario ou incomparecencia dos remitidos, tendo en conta que terán preferencia en todo caso os colectivos sinalados no artigo 14 da Orde do 13 de marzo de 2023 tales como:

- A) Mulleres, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.

- B) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- C) Persoas paradas de longa duración.
- D) Persoas con discapacidade.
- E) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- F) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- G) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios /as da renda de integración social de Galicia.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe ou parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

A admisión de candidatos coincidirá coa selección realizada polo Servizo Público de Emprego que presentarán instancias no rexistro xeral do Concello de Boimorto ou mediante as formas establecidas no artigo 16.4, na disposición transitoria cuarta e na disposición final sétima da Lei 39/2015 do 2 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas para a participación neste proceso selectivo e durante un prazo de **sete (7) días naturais** a contar dende o día seguinte da data do acordo adoptado por decreto de alcaldía; solicitude de instancia de participación cuxo modelo se adxunta no Anexo II dirixida á Sra. Alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello de Boimorto.

A instancia acompañarase de

- Fotocopia do DNI
- Copia do título ou declaración ou certificado de estar en condición de obtelo título esixido nas bases para a praza antes da sinatura do correspondente contrato.
- Toda a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de participación contados na cláusula segunda destas bases.
- A relación dos méritos que aleguen, nomeados segundo a orde establecida no apartado de méritos. A dita relación acompañaranse os documentos xustificativos dos mesmos:

Cursos de formación relacionados coas funcións do posto de traballo mediante fotocopia sen ser precisa a copia cotexada do correspondente título ou diploma que sexan distintos aos utilizados como requisito de participación.

Presumirase documentación auténtica e únicamente será requerida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias. O Tribunal cualificador non

avaliará os méritos que non se aporten ou acrediten desta maneira.

A documentación presentada deberá ir acompañada pola solicitude Anexo II que aos interesados se lles facilitará no rexistro do Concello.

Serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web as listas de admitidos e excluídos coa motivación da exclusión elevándose a definitiva a lista provisional de admitidos de non existir excluídos e de outorgando de **dous (2) días naturais** aos excluídos, no seu caso, para alegacións sendo necesaria aprobación de lista definitiva.

Trala lista provisional elevada a definitiva ou lista definitiva de admitidos/as o Tribunal cualificador procederá á realización do concurso.

Cuarta.- Tribunal cualificador

A súa composición será a fixada en decreto da Alcaldía con lista definitiva de admitidos e no seu caso excluídos do proceso de selección.

O Tribunal cualificador estará composto por un presidente, un secretario, e tres vogais de conformidade co artigo 60 do Real Decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público.

1.- Todos/as os/as vogais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida como requisito dos aspirantes. O Tribunal cualificador non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o/a presidente/a e o/a secretario/a ou persoas en quen deleguen. De todas as reunións que faga o Tribunal o/a secretario/a redactará acta. As decisións se adoptarán por maioría de votos dos membros presentes resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a presidente/a do Tribunal.

2.- Os membros do Tribunal absteranse de intervir e comunicarano á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

3.- O Tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases, así como, nos casos non previstos polas mesmas.

4.- O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores, con voz e sen voto para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os anteditos asesores actuarán con voz e sen voto; limitaranse ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo Tribunal.

5.- Os membros concorrentes ás sesións da Comisión e para os efectos de percepcións de asistencias clasificaranse consonte o disposto no artigo 33 do Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo.

6.- O alcalde, vista a proposta do Tribunal, procederá á ditar a Resolución correspondente que aprobará as contratacións.

Quinta.- Comezo e desenvolvemento do concurso

O proceso de selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases, polo sistema de concurso cos/as candidatos/as que no prazo establecido presentaran a súa documentación.

O resultado do proceso selectivo farase público mediante a publicación da correspondente acta/anuncio do Tribunal cualificador no taboleiro de edictos e na páxina web do concello.

En caso de empate aplicaranse os seguintes criterios recollidos na Orde do 13/03/2023 publicada no DOG núm. 56 de data 21/03/2023 pola que se establecen os criterios de prioridade entre colectivos para a realización da selección dos/as traballadores/as desempregados/as que serán contratados/as para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade, dando preferencia a:

- 1.- Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia.
- 2.- Menores de 30 anos en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- 3.- Persoas paradas de longa duración.
- 4.- Persoas con discapacidade.
- 5.- Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tiveran dereito.
- 6.- Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- 7.- Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios /as da renda de integración social de Galicia.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe ou parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

Sexta.- Formalización e duración do contrato

O contrato formalizarase a requirimento da Administración acreditando a presentación polo aspirante de:

- Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) do Documento Nacional de Identidade.
- Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) do Título esixido.
- Certificado médico acreditativo de posuir a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Declaración xurada de que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin encontrarse inhabilitado/a para o exercicio da función pública por sentenza firme.
- Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.

-Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) de méritos alegados no concurso.

O/a aspirante que faga valer a súa condición de persoas con discapacidade deberá presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

A duración estimada para o posto de socorrista é de dous (2) meses dende a data de formalización do contrato.

Sétima.- Lista de reserva

Ao rematar o proceso selectivo formarase unha relación das persoas, en orde descendente de puntuación. Os que formen parte da mesma poderán ser chamados (sempre respectando a orde da lista), para cubrir prazas similares ou situacións de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal, maternidade ou calquera outra circunstancia, en prazas de similares características deste concello.

Cando un dos aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ao rematar o período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que pode ser chamado novamente para outra contratación. No caso de que un aspirante sexa chamado e rexeite a contratación, pasará ao derradeiro lugar da lista.

Oitava- Recursos

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven delas ou da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ANEXO I

Baremo de méritos para valorar o concurso praza de socorrista xornada completa (37,5 horas semanais)

Formación (puntuación máxima 3 puntos)

Valoraranse os cursos de formación e perfeccionamento relacionados co posto e coas funcións a desenvolver (non valorando seminarios, congresos, xornadas, módulos, etc que non sexan cursos e nos que non figuren expresamente o número de horas). A puntuación efectuarase en función da duración da formación conforme á seguinte escala ata un máximo de 3 puntos:

- De menos de 50 horas: 1 punto por curso.
- De 50 a 100 horas: 1,50 puntos por curso.
- De máis de 100 horas: 2 puntos por curso.

Acreditación destes méritos mediante copias dos correspondentes títulos ou diplomas, debendo

indicar que titulación é usada como requisito da convocatoria e cal é usada no baremo de méritos.

ANEXO II

MODELO DE INSTANCIA

D./Dña.....,con DNI número.....e domicilio a efectos de notificacións e comunicación en..... CP.....localidade.....t.elf.....

EXPÓN:

I.- Que ten coñecemento da convocatoria publicada e bases para a selección dun/ha socorrista a xornada completa como persoal laboral temporal non permanente do Concello de Boimorto polo Servizo Público de Emprego.

II.- Que está en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección.

Polo exposto,

SOLICITA: Ser admitido ao correspondente proceso selectivo, aportando a estes efectos a documentación que se achega.

Lugar e data

Asdo.:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

-Fotocopia do Documento Nacional de Identidade

- _____

- _____

- _____

- _____

.....
.....(no caso de ser necesario continuarase ao reverso enunciando a documentación que se achegue)

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

SEGUNDO.- Remitir oferta de emprego á Oficina de Emprego de Melide aos efectos oportunos e publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello anuncio indicativo deste

procedemento de selección.

TERCEIRO.- Contra o presente acordo que pon fin a via administrativa, pode interponer potestativamente e perante o mesmo órgano que o ditou, de conformidade co preceptuado no artigo 123 da lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, **recurso de reposición** no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación. O recurso potestativo de reposición terá que resolverse e notificarse no prazo dun mes; entenderase desestimado se transcorre este prazo sen que se lle notifique a resolución expresa (artigos 124.2 e 24.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro).

Contra a resolución expresa do recurso de reposición ou ben directamente contra o presente acordo pode interponer **recurso contencioso-administrativo**, perante o órgano competente da xurisdicción contencioso-administrativa, de conformidade co disposto nos artigos 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución ou o da notificación do presente acordo. Se a resolución non fose expresa, o prazo de interposición do recurso contencioso administrativo será de seis meses e contarase a partir do día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso potestativo de reposición ou a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estime oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos. A interposición do recurso non paraliza a executividade da presente resolución.

Decreto a Alcaldía, Boimorto á data da súa sinatura dixital, do que eu Secretario deste Concello, dou fe e traslado

A Alcaldesa - Presidenta

Dou fe, o secretario

Asdo.- MARIA JESÚS NOVO GÓMEZ

Asdo.- JORGE BOADO FERNÁNDEZ